




memoria 2019



Presentación

faiben

Un ano máis, presentámonos ante os nosos nenos, nenas, familias, socios, financiadores e sociedade en xeral para dar conta do noso traballo nestes últimos doce meses.

Os resultados confírmannos que estamos polo bo camiño.

Despois de once anos de traballo, conseguimos por fin estabilizar economicamente a entidade, e todo grazas ao esforzo e colaboración de moitas persoas e institucións que, desinteresadamente, apoiáronnos e a día de hoxe seguen facéndoo. A todas e todos, de verdade, moitas grazas.

Desde as Casas de Familia seguimos apostando pola Normalización como eixo dun traballo guiado sempre polo Afecto e a Incondicionalidade para cos nenos e nenas como acenos de identidade.

Estamos orgullosos de que os nosos nenos e nenas vaian consolidando a súa andaina familiar, deixando atrás os motivos que provocaron a separación. Procuramos axudarlles a tecer esas redes de apoio tan necesarias ás que recorrer en momentos de crises.

Melloramos os equipamentos para dotalos de maior comodidade, ampliamos os equipos educativos favorecendo unha maior conciliación e estabilidade e dotamos ás Casas de máis e mellores ferramentas educativas e de apoio, revisando e mellorando os procesos, ampliando ou iniciando novos programas...


A posta en marcha do Programa de Acompañamento a Familias, en colaboración con outras dúas entidades (Sta. Joaquina de Vedruna en Vigo e Laura Vicuña en Caldas) móstranos o camiño dun traballo en rede, continuamente enfocado ás necesidades dos nenos, nenas e as súas familias.

Doutra banda, a incorporación dun Servizo Xurídico propio estanos permitindo revisar e mellorar as nosas accións con máis seguridade, afrontar novos retos (como a problemática dos MENA ou o apoio aos maiores do Programa Contigo) e, en definitiva, explorar novas vías para seguir defendendo os dereitos da infancia.

Para finalizar, prometemos non cambiar. Tentaremos que, como sempre, o noso Norte siga marcado polas necesidades dos nenos e nenas. Contamos co voso apoio e a vosa crítica para mellorar.

Grazas de corazón por seguir ao noso lado e formar parte deste gran movemento pola xustiza social.

Ángel Martínez Puente
Director da Fundación Faiben



Quen somos

A organización

Faiben Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar é unha entidade privada sen ánimo de lucro declarada de interese galego que nace en maio de 2008, da man de diversos profesionais de ampla experiencia no ámbito da protección da infancia en Galicia, co obxectivo de constituírse na fundación galega de referencia no sector.

Faiben defínese como unha entidade firme e reivindicativa, comprometida coa infancia e a adolescencia en situación de risco e desprotección desde a incondicionalidade e cunha visión de xustiza social.

Faiben conta con tres Casas de Familia (dúas en Vigo e unha en Ribeira) desde as que, a través dun modelo de convivencia familiar e normalizado, se traballa polo dereito dos nenos, nenas e adolescentes a ser membros dunha familia que lles proporcione afecto, seguridade e estabilidade.

Ademais, promove outros programas e servizos que apoiem e acompañen os procesos dos nenos, nenas e adolescentes na construción dos seus propios proxectos de vida.

Os equipos

O Padroado, que vela pola estratexia da organización, está formado por 12 profesionais independentes de diversos ámbitos:

Lourdes Martínez Lage (Presidenta), Ramón García Seara (Secretario), Carlos Suárez Díaz (Tesoureiro), Juan L. Medín Roca, Juan M. Martínez Puente, Ángeles Suárez Muñiz, Iago Seara Morales, Julio Iglesias Vilariño, Alejandro Rubín Carballo, Enrique Martínez Reguera, Carmen Zamora Castro e Alberto González-Abraldes.


“No 2019, un equipo de 23 profesionais fixeron posibles os proxectos de Faiben.

Dirixe a entidade Ángel Martínez Puente e o equipo coordinador está formado ademais polo Responsable de Xestión, as Directoras das Casas de Familia, a Responsable do PAF e o Responsable do Servizo Xurídico.

Pola súa parte, os distintos programas, contaron con equipos educativos formados por profesionais de diferentes eidos (psicoloxía, pedagogía, educación social, traballo social, etc) que se distinguen polo seu compromiso na procura de solucións para os nenos e as nenas e a súa implicación cos valores de Faiben. Unha das características que distingue a este equipo é a estabilidade, cun promedio de dedicación por riba dos nove anos por persoa e con profesionais que levan desenvolvendo a súa labor desde hai máis de 25 anos.

Organigrama





Que facemos

Casas de Familia

As Casas de Familia son un recurso residencial para aqueles nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo que precisan dunha medida de protección por parte da Administración pública, que asume a súa garda ou tutela.

Trátase de vivendas normalizadas, plenamente integradas na comunidade, onde conviven 8 nenos e nenas (de idades entre 0 a 18 anos) cun equipo de entre 5 e 6 educadores, intentando reproducir un modelo familiar que poña en valor a relación persoal con cada neno, nena e adolescente como única, valiosa e duradeira e onde os nenos, ademais de ter un referente adulto estable, atopan un clima de protección afectivo e seguro.

O obxectivo da intervención desde as Casas de Familia de Faiben é contribuír a acadar solucións estables e protectoras para os nenos e nenas, polo que se traballa tamén directamente coas familias, en rede con outros axentes sociais, a fin de que a súa estancia sexa unicamente a necesaria e se atope canto antes unha solución familiar definitiva.

Faiben conta con tres casas de familia (dúas en Vigo e unha en Ribeira), nas que residiron 37 nenos, nenas e adolescentes no 2019.

Cada casa conta con 8 prazas residenciais que rexistraron unha ocupación media do 100,17% (debido a existencia de momentos puntuais de sobreocupación).

A Casa de Ribeira conta, ademais, con dúas prazas para a atención de día de aqueles nenos e nenas con medidas de apoio familiar. Estas prazas rexistraron unha ocupación media do 57,39%.



37 nenos e nenas

atendidos no 2019



2 anos e 5 meses

de promedio de permanencia na casa



131 nenos e nenas

atendidos desde 2008

*na Casa de Familia de Rosalía antes de 2008 foron atendidos 50
nenas e nenos máis, para un total de 181.



100,17% de ocupación media

A intervención desde as Casas de Familia

Desde as Casas realízanse intervencións socioeducativas personalizadas con cada neno, nena ou adolescente que abarcan, de forma integral, dous grandes bloques de obxectivos: dun lado, os relacionados co desenvolvemento persoal e, doutro, os relacionados coa integración social.

O documento técnico que ten como función facilitar e canalizar esa atención individualizada é o Proxecto Educativo Individualizado (PEI).

As intervencións céntranse na estimulación e apoio ao desenvolvemento das capacidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais; no apoio emocional; na formación e adestramento en habilidades, actitudes e destrezas persoais e sociais... con especial relevancia para:

- O apoio psicosocial, con atención aos conflitos psicolóxicos dos nenos e nenas que interfiran a estruturación da súa personalidade, o seu proceso madurativo ou a súa capacidade de socialización.
- A intervención coas familias, co fin de proporcionarlles pautas de crianza e de atención adecuada adaptadas a cada situación concreta.
- A promoción da autonomía persoal progresiva, potenciando a participación, a asunción de responsabilidades e o desempeño eficaz en contextos grupais e sociais.

Tempos de estancia

Considerando unicamente as baixas producidas no 2019 (sen contabilizar as prazas UPA por ser circunstancias moi provisionais) o tempo de estancia foi de 1 ano, 10 meses e 22 días.

Sen embargo, considerando os 24 nenos e nenas residentes a 31 de decembro, o tempo medio é de 2 anos, 8 meses e 11 días.

Más aló dos tempos concretos, esta variación ven indicar unha tendencia na redución dos tempos e unha mellora, por tanto, na efectividade que se supón para as medidas de protección que, non debemos esquecer, deben ser o máis limitadas no tempo que sexa posible.

Satisfacción

Os axentes participantes no programa amosaron altos niveis de satisfacción co mesmo, destacando:

- Por parte dos equipos educativos (cunha satisfacción do 82%), a orientación ás necesidades dos nenos e nenas.
- Por parte dos nenos e nenas (83%), un ano máis, valorando o apoio dos educadores e educadoras ás súas familias.
- Polos ETM (83%), a dispoñibilidade e o interese en buscar solucións.
- E polos centros educativos (95%), de novo, destácase o ambiente de cariño e estabilidade e a atención personalizada.




Perfil dos nenos e nenas

Dos 37 nenos e nenas atendidos, o 54% foron nenos e o 46% nenas, 34 en praza residencial (o 92%) e 3 en praza de día (8%).

O 27% teñen necesidades de apoio educativo e o 65% precisan de algún tipo de terapia ou apoio psicolóxico.


No referente ás idades, o 86,49% dos nenos e nenas tiñan entre 7 e 18 anos, como corresponde a este tipo de recurso. No outro extremo, houbo dous nenos menores de 3 anos que, se ben é certo que un deles foi un ingreso UPA de un só día.



Perfil das familias

Polo que respecta ás familias, non existe un perfil definido nin para a composición nin para os ingresos familiares.


As tipoloxías familiares máis frecuentes son as de familias nucleares (parella e fillos), monoparentais muller e extensa (constituída por varias xeracións: avós, netos, fillos, tíos, etc.).



En canto aos ingresos familiares, pode destacarse que o 44% das familias obtivéronos ben por ter un traballo cotizado ben por ter algunha pensión contributiva, fronte ao 41% que non tiñan ingresos ou os percibían de prestacións non contributivas, de integración social, traballo sen cotizar, etc. Do 15% restante descoñécese a procedencia.

Por último, cabe destacar que as familias presentan situacións multiproblemáticas, cuxa valoración conxunta é a que habitualmente motiva a intervención.

En concreto detéctanse falta de habilidades parentais ou a deficiente xestión emocional en máis do 65% das familias, sendo a falta de apoios externos ou os ingresos insuficientes outros dos problemas destacados.



Altas e baixas

No 2019 producíronse 15 altas e 13 baixas, xa que con practicamente o 100% de ocupación mensual, as altas quedan condicionadas á existencia de prazas dispoñibles.

O 60% dos ingresos foron para prazas residenciais e delas, o 22% foron prazas denominadas especiais, destinadas a nenos, nenas ou adolescentes que, ou ben son menores de 3 anos, ou teñen unha discapacidade igual ou superior ao 50% ou ben requiren dunha atención especializada por outros motivos.

Os ingresos para prazas de día foron o 13,33% do total.

Cabe facer mención especial aos ingresos da Unidade de Primeira Acolida (UPA), que é un servizo especializado prestado polas Casas destinado a acoller provisionalmente a aqueles nenos e nenas que se atopen en situacións de urxencia. No 2019 foron 4 ingresos, que supuxeron o 26,67% do total.

Polo que respecta ás baixas, a maioría foron de prazas residenciais, destacando que das 4 altas por UPA foron baixa 3.

Por tipos de praza		
	altas	baixas
prazas xerais	7	8
prazas especiais	2	1
prazas de día	2	1
prazas UPA	4	3
Total	15	13



Situacións administrativas nas prazas residenciais

Do total dos nenos e nenas residentes nas Casas de Familia Faiben no 2019, o 52% (17 dos 33) ingresaron por tutela administrativa. O 48% restante o fixeron en virtude de garda voluntaria (8) ou provisional (8).

Considerando só as altas no 2019, a situación foi diferente: a maioría (o 69%) ingresaron por gardas (6 provisionais e 3 voluntarias), fronte ao 31% de tutelas (4 casos).


Ao finalizar o ano, 15 dos 24 nenos e nenas acollidos a 31 de decembro, o 68%, están baixo tutela administrativa fronte ao 32% que permanecen en garda (6 voluntarias e 1 provisional).

*Situación administrativas
iniciais (todos os residentes no 2019)*



● tutela ● garda prov ● garda vol

*Situación administrativas
a 31/12/19*



● tutela ● garda prov ● garda vol

Motivos das baixas

As Casas de Familia, como lugares de paso, están orientadas a favorecer a saída dos nenos e nenas en condicións de protección e estabilidade, primando a permanencia na familia de orixe e o mantemento das relacións familiares sempre que sexa posible.

A previsión inicial soe ser, polo tanto, a de traballar pola reagrupación familiar o que, en sentido amplo (acumulando os regresos tanto á familia de orixe ou á familia extensa) produciuse no 70% das saídas.

Non consideramos a efectos estatísticos como saída (aínda que si como baixa) os casos de traslado a outro centro de acollemento (3 no 2019), pois están máis relacionados co tipo de recurso axeitado ás necesidades e características deses nenos, nenas ou adolescentes, que coa evolución da súa situación persoal ou familiar.


Polo tanto, exceptuando os traslados, as saídas foron:

- A reagrupación familiar, que se produciu en 4 dos casos. Foi a principal causa de saída das Casas e supón o regreso dos nenos ou nenas á familia de orixe cando desaparecen ou se reducen as circunstancias que produciron o risco ou a desprotección.
- O acollemento en familia extensa, que se produciu en 2 ocasións. Supón tamén unha reagrupación pero neste caso con outro tipo de familiares (avós, tíos...) que asumen o coidado dos nenos ou nenas.

- O acollemento en familia allea, nun único caso. Esta saída, como a anterior, non supón en sentido estrito una “baixa” no sistema de protección, ao contrario, no único caso rexistrado no 2019 supuxo a continuidade da garda como medida temporal de protección nun recurso máis axeitado ás características e idade do neno ou nena.
- A autonomía, en 2 ocasións, por acceso á maioría de idade. Sen embargo, a pesar de que os mozos e mozas que cumpren a maioría de idade (salvo prórroga) causan baixa no recurso e vense obrigados a iniciar a súa emancipación, non todos inician o camiño da vida autónoma e, en ocasións, regresan á familia de orixe, onde a inestabilidade e os riscos continúan. Neste sentido, dos dous casos rexistrados en 2019, só un deles pode considerarse de plena autonomía.

Cabe destacar que no 2019 non houbo ningunha baixa por adopción en ningunha das tres Casas de Familia Faiben, o que supón unha excepción á tendencia rexistrada nestes últimos anos e a pesar de haber nenos e nenas en espera.

En contra da opinión de Faiben, que a valora como unha medida válida para, chegado o caso, garantir o dereito dos nenos e nenas a ser membro dunha familia, as cifras indican que a adopción queda ultimamente relegada a opción residual, supeditada dunha maneira indefinida ao esgotamento das posibilidades coa familia biolóxica.





Cidadanía Global

Por último, dentro das Casas de Familia, no 2019 introduciuse unha nova liña de intervención relacionada coa Educación para a Cidadanía Global.

O traballo nas Casas céntrase en proporcionar un entorno seguro pero, ao mesmo tempo, ofrecen un marco privilexiado desde o que promover unha visión global e inclusiva da realidade, fomentando a construción dun mundo máis xusto, máis equitativo e máis respectuoso coa diversidade e co medio ambiente.

Fixéronse, por tanto, actividades dirixidas, por un lado, á capacitación e mellora da formación e recursos dos equipos educativos (a través de sesións grupais e a revisións dos proxectos educativos individuais dos nenos e nenas) e, doutro lado, actividades consistentes na introdución de contidos e temáticas da ECG no propio traballo educativo (celebrando os Días mundiais do Comercio Xusto, do Medio Ambiente e das Persoas Refuxiadas ou practicando as competencias cidadás a través de pequenos proxectos domésticos como a reciclaxe ou as hortas ecolóxicas).

En definitiva, o primeiro paso dunha aposta pola introdución dos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible).

Acompañamento a Familias

O Programa de Acompañamento a Familias (PAF) nace en 2019 grazas á suma de esforzos de tres entidades, Laura Vicuña (en Caldas de Reis), Sta. Joaquina de Vedruna (en Vigo) e Faiben, como un recurso complementario destinado a mellorar a intervención realizada desde as súas Casas de Familia.

As Casas preséntase como un recurso protector para os nenos, nenas e adolescentes nas que se presta unha atención directa aos mesmos pero, si os condicionantes familiares que provocan a desprotección non cambian dun xeito substancial, a reintegración familiar estable e protectora non se pode producir.

O programa pretende, polo tanto, crear unha relación próxima e de acompañamento aos proxenitores, para acadar cambios na dinámica familiar, propiciando habilidades parentais que contribúan a lograr situacións familiares protectoras, en termos de seguridade e estabilidade.

Acompañamento a Familias			
Procedencia	Familias valoradas	Familias participantes	nenos e nenas
Casas de Familia Faiben	10	8	10
Casa de Familia Laura Vicuña	2	1	3
Casa de Familia Santa Joaquina de Vedruna	2	2	2
	14	11	15


Resultados

Foron valoradas un total de 14 familias como susceptibles de seren obxectivo do programa, das que finalmente 11 participaron no PAF

As intervencións centráronse, inicialmente, en acadar unha visión máis clarificadora e próxima das situacións familiares para facilitar o establecemento das liñas de actuación con cada familia. Posteriormente, e de forma consensuada coa propia familia e o ETM, elaboráronse os respectivos plans de traballo adaptados ás necesidades e características de cada unidade familiar.

O traballo coas familias incluíu tanto o acompañamento en procesos inclusivos (adequación das condicións económicas e da situación da vivenda, implicación nos procesos académicos, sanitarios e na participación social dos seus fillos/as...) como o apoio individualizado no desenvolvemento de habilidades (de relación coa contorna, para a xestión económica e doméstica, habilidades parentais...).

Para acadar os obxectivos e a inclusión social plena das familias é fundamental, en todo o proceso, a coordinación do PAF co Equipo Técnico do Menor, cos Servizos Sociais correspondentes e con outros recursos da contorna específicos (en temas de empregabilidade, incorporación laboral, formación...).



Que facemos

Programa Contigo

Os mozos e mozas acollidos nas nosas Casas de Familia enfróntanse a serias dificultades a partir da súa saída e especialmente cando, na maioría dos casos, cumprir 18 anos supón deixar o recurso de forma automática, sen consideración da existencia dunha familia, unha rede de apoio externa ou dos propios recursos para afrontar as dificultades do comezo dunha vida autónoma.

Emanciparse supón un gran reto no que é preciso poñer en valor todas as fortalezas e habilidades propias e resulta innegable que, no caso dos mozos e mozas ex tutelados, as historias persoais previas condicionan o proceso ata tal punto que os coloca nunha situación de extrema vulnerabilidade.

Buscar piso, formarse, acceder a un posto de traballo e mantelo, tramitar documentación, aprender a xestionar a propia economía, ter adultos de confianza cerca, velar por unha boa rede de amigos... son só algunhas das cuestións que deben resolver de forma autónoma e sen apoio.

Por elo, co obxectivo de garantir a estabilidade afectiva e económica dos nenos e nenas na súa saída ou posteriormente en outros procesos de máis longa duración, o Programa Contigo propón un acompañamento profesional, por parte dunha persoa de referencia para eles, que lles aporte apoio emocional, acompañamento na inserción laboral, no lecer,

nos estudos, na busca de vivenda e, en definitiva, na mellora das súas competencias e habilidades que lles axuden a evitar situacións de marxinalidade.


Este soporte técnico concrétese, en cada caso, nun plan de traballo individual que poida dar resposta ás demandas dos mozos e mozas, no que é habitual a derivación a outros servizos e proxectos específicos da rede de atención social. Coa fin de asegurar a coherencia do proceso é fundamental a coordinación con eses outros referentes profesionais da moza ou mozo.

Algúns exemplos dos apoios que se prestan desde o programa son:

- No ámbito persoal e familiar: asesoramento en crises familiares, problemas de convivencia cos pais ou acolledores, problemas psicolóxicos ou sociais...
- No legal: orientación en asuntos xudiciais, curatelas, emancipacións, tramitación de herdanzas, documentación...
- No ámbito residencial: apoio na busca de vivenda e mantemento da mesma.
- Ante dificultades económicas: prestación de fianzas e apoios puntuais para obter o carné de conducir, conseguir un aluguer, adquirir ferramentas de traballo...

- E no ámbito formativo e laboral: axuda para a elaboración do currículo, na busca activa de emprego, asesoramento laboral...

Os apoios económicos no 2019 ascenderon a un total de 22.562,28 euros prestándose, en total, acompañamento a 62 mozas e mozos diferentes.



Que facemos

Formación a Familias

A parentalidade adoptiva ten unha serie de esixencias e retos que precisan dunha formación e motivación claras que permitan coñecer mellor as necesidades reais dos nenos e nenas que están á espera dunha familia e recoñecer as capacidades propias que precisan desenvolver os pais e nais.


Por iso, dende o ano 2014 a Fundación Faiben, en colaboración coa Xunta de Galicia, impulsa un programa de formación para familias que xa dispoñen do certificado de idoneidade para a adopción, tanto nacional como internacional.

O programa completo consta de 8 sesións repartidas nun período de dous anos. A formación é gratuíta e as familias poden iniciar a formación en calquera momento do ano natural.

Aínda que a formación non é obrigatoria, a experiencia e as opinións das familias participantes defínena como altamente recomendable para axustar expectativas, o que lles permite facer un ofrecemento máis consciente e realista que favoreza procesos máis eficaces e seguros, minimizando os riscos de abandono posterior.

Resultados

Resultados	
Participantes	Provincias
22 familias	A Coruña
	Ourense
	Pontevedra
Sesións	Grao de satisfacción
6	94,3%



Departamento Xurídico

No 2019 púxose en marcha o departamento xurídico da Fundación, que nace coa función principal de prestar apoio técnico aos programas e servizos da entidade e favoreza a mellora continua do noso traballo.

O departamento realiza diferentes tarefas relacionadas cos distintos servizos, como:

En relación coa Dirección da entidade: o control do cumprimento normativo da Fundación nas distintas áreas (calidade, protección de datos, prevención de riscos, normativa específica dos centros de protección...), planificación de proxectos, subvencións, etc.

En relación coas Casas de Familia: apoio técnico-legal no desenvolvemento dos proxectos educativos individuais dos nenos e nenas, en relación coas medidas de protección (acollementos, plans de caso, traslados, baixas...), coas situacións administrativas (tutela, garda voluntaria e garda provisional, medidas de apoio), recursos, etc.


Tamén relacionado coas Casas pero tamén co Programa de Acompañamento a Familias e co Programa Contigo, inclúense:

- Trámites relacionados cos nenos e nenas e as súas familias como a tramitación ou reclamación de herdanzas, seguros, multas, estranxeiría, etc.

- Outros trámites específicos das persoas menores non acompañadas (situacións administrativas, obtención de documentación -pasaporte, documento de identidade, autorización de residencia-, etc.).
- Apoio e asesoramento legal ás persoas ex tuteladas, na tramitación de axudas, multas, autorizacións de residencia de estranxeiros, etc.

A continuación recóllense as intervencións en relación co total de nenos e nenas acollidos en cada casa, excluindo prazas UPA e aquelas de moi curta duración que non favorecen a intervención.

Recurso/ Servizo	Nº de casos	Situacións administrativas (garda-tutela)	Altas / baixas	Outras intervencións e asuntos xudiciais	Estranxeiría
Casa de Familia Faiben Vigo 1	5 de 7 (71%)	1	0	4	0
Casa de Familia Faiben Vigo 2	8 de 10 (80%)	1	3	3	1
Casa de Familia Faiben Ribeira	7 de 12 (58%)	4	0	3	0
Outros servizos (PAF, Contigo) ou centros	4	0	0	0	4
	24	6	3	10	5



Boas prácticas

A Fundación Faiben orienta a súa misión a velar polo respecto ao interese superior dos nenos e nenas en todas as accións e decisións que lles afecten. E faino dende o enfoque dos Dereitos da Infancia, que inclúe:

- A non discriminación e o dereito á preservación da propia identidade, cultura, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual ou idioma.
- A protección do dereito á vida, á supervivencia, ao desenvolvemento e á satisfacción das súas necesidades tanto materiais como emocionais e afectivas.
- A participación, coa consideración dos seus propios desexos, sentimentos e opinións.
- E a conveniencia de que a súa vida e desenvolvemento teña lugar nun entorno familiar adecuado e libre de violencia.

No desenvolvemento desa misión, Faiben aposta decididamente por unha intervención:

- Incondicional, entendida como a posta en valor de cada relación persoal coma única e valiosa.
- Vocacional ao tempo que profesional.
- E comprometida cos dereitos dos nenos e nenas.

A entidade aposta pola mellora continua como a vía para afrontar os novos retos dunha realidade social en constante cambio, a través dunha política interna de calidade e a formación.

Política de calidade

Na nosa preocupación por prestar os mellores servizos temos establecida unha política de calidade para as Casas de Familia, cun sistema de xestión certificado na norma ISO 9001:2015 desde o ano 2017.

Un enfoque proactivo que contribúe a sistematizar o traballo profesional e comprometido cos dereitos das nenas, nenos e adolescentes, coas familias, co persoal da entidade e co sector da protección da infancia.

Formación continua

No acompañamento de nenos, nenas e adolescentes é preciso ter en conta e atender axeitadamente as situacións de dano emocional.

Por iso, co obxectivo de axustar a capacitación do persoal educativo a esas necesidades das persoas destinatarias e aos requirimentos cambiantes do servizo, elaborouse un Plan de Formación conxunto entre dúas entidades: Sta Joaquina de Vedruna - Carmelitas e a Fundación Faiben.


O plan é o resultado da sinerxía entre dúas entidades cunha filosofía común e unha forte aposta pola colaboración. As accións desenvoltas forman parte dun plan maior, programado para un período de tres anos, e complementáanse con outras accións formativas externas, tanto presenciais como online.

No 2019 foron as seguintes:

Accións formativas			
data	sesión	poñente	duración
28/02/2019	A crianza en institución dende a traumaterapia. A seguridade como garantía para o desenvolvemento de calquera ser humano.	Ana M ^a Sieiro Moral (Achea)	4 h
02/05/2019	Primeiros auxilios	Carlos Vales (Concello de Vigo)	4 h
17/06/2019	Procesos de elaboración e seguimento do proxecto educativo individualizado	Colaborativo	4 h
27/11/2019	Co-construción del bienestar en menores dañados	Eduardo Barca Enríquez (Boga Psicólogos)	4 h
20/12/2019	Claves neurobiológicas de la resiliencia en contextos residenciales y de acompañamiento	Íñigo Martínez de Mandojana Valle (Asoc. Educativa Biraka)	4 h

A participación media foi de 17 persoas por sesión, dos equipos educativos de Sta. Joaquina de Vedruna e Faiben, e o grao de satisfacción das persoas participantes foi dun 8,1 de promedio, nunha escala de 0 a 10.

Ao noso entender, o paso máis significativo foi o de profundar na importancia de sintonizar con cada neno e nena, de acadar unha mirada consciente por parte de cada educador e así estar en disposición de avanzar na reparación do dano. Trátase de entender os porqués das súas accións para saber posicionarse como referente inquebrantable.



Transparencia

Orixe dos recursos

O orzamento de Faiben no 2019 ascendeu á cantidade de 895.431,91 €.


O 94,8% dos fondos procederon da Xunta de Galicia, principalmente a través dos tres contratos administrativos de servizos coas nosas Casas de Familia.

Esta cantidade foi sensiblemente superior ás dos anos 2017 e 2018 debido á entrada en vigor dos respectivos contratos coas Casas de Familia (en abril do 2018 para a de Ribeira e en xaneiro do 2019 para as dúas de Vigo).

Outras fontes públicas foron a Deputación de Pontevedra e o Concello de Ribeira, que cofinanciaron o proxecto de Cidadanía Global nas Casas de Familia e o Programa Contigo, respectivamente.

Respecto aos ingresos privados, ademais da aportación de socios e doantes, contamos un ano máis coa colaboración da Fundación José Otero - Carmela Martínez e, como novidade, cos ingresos da alianza coas Casas de Familia Laura Vicuña e Santa Joaquina de Vedruna para o Programa de Acompañamento a Familias.


Orixe dos fondos	
	importe
Xunta de Galicia	841.695,50 €
Concello de Ribeira	3.000,00 €
Deputación de Pontevedra	5.814,41 €
Fundación José Otero - Carmela Martínez	2.500,00 €
Convenio PAF	15.950,00 €
Socios e doantes	26.472,00 €
Total	895.431,91 €



Destino dos gastos

O 97,4% dos ingresos foi destinado aos distintos programas da Fundación, mentres o 2,6% restante foi destinado a xestión.

Destino dos gastos	
	importe
Programa Casas de Familia	806.809,71 €
Programa de Acompañamento a Familias	27.493,39 €
Programa de Formación a Familias	2.400,00 €
Programa Contigo	22.562,28 €
Programa Cidadanía Global	13.004,99 €
Gastos xerais	19.867,17 €
Gastos financeiros	3.294,37 €
Total	895.431,91 €





Agradecementos

- “ Ás persoas socias, doantes e entidades colaboradoras polo seu apoio e esforzo.
- “ Aos Equipos Técnicos do Menor, centros educativos, servizos sociais, gabinetes psicolóxicos, persoal sanitario e demais axentes polo traballo conxunto na protección da infancia.
- “ Á Asociación Manaia, ás Casas de Familia Laura Vicuña e Santa Joaquina de Vedruna, Centro de psicoloxía Achega, Asociación Provivienda, Centro Cívico Cidade Vella (A Coruña), Centro Cívico A Ponte (Ourense) e demais entidades polo trabalo en rede.
- “ Ás administracións públicas (autonómica, provincial e local) que colaboran connosco pola confianza no noso traballo.

A vosa colaboración é imprescindible para seguir defendendo os dereitos da infancia.

Grazas

Cofinanciadores públicos:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



CONCELLO DE RIVEIRA

Empresas e outras organizacións colaboradoras:



Fundación
José Otero - Carmela Martínez
Con Galicia en el corazón



Moradiña S.A.

Entidades coas que traballamos en rede:



CASA DE FAMILIA
VEDRUNA





fundación de apoio á
infancia e ao benestar